



CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO DE VILAR” (FOLGOSO DO COUREL-LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
3-14/07/2021	18-30	Estatal	Arqueolóxico	12

LOCALIZACIÓN

Folgoso do Courel dista 85 Km de Lugo e 23 Km de Quiroga, que se poden percorrer a través da comarcal LU625 que enlaza coa LU633 de Pedrafita do Cebreiro.



Folgoso do Courel está situado ao sueste da provincia de Lugo e ten unha extensión de 193 Km². Conta con numerosos ríos e regatos, dos cales o máis destacable sexa o río Lor.

O Courel é unha zona con moitas covas e lugares de formacións xeolóxicas únicas, que aínda hoxe esconden moitos segretos no seu interior e narran a historia dos primeiros moradores da nosa terra e de animais desaparecidos fai millares de anos (Sima de Aradelas, Cova de Tralacosta en Paderne, Buracada de As Choias, Cova do Osos, Cova de As choias de Moreda)

O Courel é unha zona con moitas covas e lugares de formacións xeolóxicas únicas, que aínda hoxe esconden moitos segretos no seu interior e narran a historia dos primeiros moradores da nosa terra e de animais desaparecidos fai millares de anos (Sima de Aradelas, Cova de Tralacosta en Paderne, Buracada de As Choias, Cova do Osos, Cova de As choias de Moreda)

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

As actividades que realizarán as persoas participantes no campo de voluntariado consistirán na conservación e na mellora do entorno donde se ubica o campo. Ademais, colaborarán en intervencións ar-



queolóxicas nos castros e xacementos existentes na zona que contan cun importante valor patrimonial e turístico.

Existe un interese especial en limpiar o Castro de Vilar dado que se trata dun castro emblemático do concello, situado o pé dunha ruta de sendeirismo moi usada e que presenta un sistema defensivo de grao moi desenvolvido.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiros de pintado de camisetas, barro, técnicas sobre o coidado e a protección da natureza, cesteiría...



- Coñecemento de Folgoso do Courel, rutas de sendeirismo (ruta da Cascada do Rexío por Sobredo al Castro da Torre e ruta Devesa da Rogueira), visitas (rutas e zonas de O Courel,

Castro de Vilar, Castelo de Carbedo), etc

- Actividades acuáticas (kaiak, canoa, paddleboard)
- Actividades nocturnas (juegos, veladas musicales, foros de debate, participación en 'foliadas' e fiestas, etc)

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están sujetas a las modificaciones derivadas del propio desarrollo del campo de trabajo.

COMO CHEGAR:

Quiroga conta con estación de tren, polo que, dende calqueira lugar, é a mellor opción de chegar ata este punto de encontro (www.renfe.es). A súa estación es-



CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO DE VILAR” (FOLGOSO DO COUREL-LUGO)

tá en San Clodio. Tamén se pode chegar por carretera en autobús www.alsa.com

Outras combinacións posibles para chegar o destino son www.monbus.es (Lugo-Monforte de Lemos); www.arriba.gal (A Coruña-Lugo); www.monbus.es (Compostela-Lugo)

ALOXAMENTO

Albergue de Folgoso do Courel. A instalación ten capacidade para 25 persoas e conta con servizos sanitarios, cociña e comedor.

<https://www.facebook.com/pages/category/Hotel/Albergue-tur%C3%ADstico-Folgoso-do-Courel-1353937934654847/>

INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16:00 h. no albergue de Folgoso do Courel.

Alternativamente, establécese tamén un punto de encontro na Estación de Autobuses de Quiroga. Para coordinar a recepción neste punto, é imprescindible contactar por correo electrónico para comunicar a hora de chegada.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).



DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida

incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a ou no caso de ter que abandonar a actividade por motivos relacionados co Covid-19 sempre e cando non transcorra máis do 50% dos días de duración do campo.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se enatope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, no seu caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de dormir, esterilla e mochila pequena para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- Roupas: de deporte (sudadeiras...), de baño (bañador, toalla, chanclas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo en caso de choiva ou frío) e gorra.

DOCUMENTACIÓN

Todos/as os/as participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se podan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poda derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventud, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

Servicio de Xuventud en Lugo. Tfno.: 982 294 599

www.facebook.com/xuventude.net



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio administrativo de San Lázaro, planta baixa
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 957 115

CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRO DE VILAR” (FOLGOSO DO COUREL-LUGO)

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...

www.lugo.es. Información sobre a cidade de Lugo, transportes, accesos...

www.folgosodocourel.es Información sobre o concello de Folgoso do Courel, situación, turismo, transportes, accesos...

